



A obra conseguiu os premios á mellor adaptación-tradución, mellor maquillaxe e mellor vestuario

Os María Casares premian a Sarabela pola súa "Viaxe a ningunha parte"

"Tokio 3" , de Voadora, fíxose con cinco premios e o premio para o mellor espectáculo foi para "Nuncabunga", de Elefante Elegante



Actividade: Acto de entrega dos XVII Premios María Casares.

Data: Mércores, 27 de marzo de 2013.

Lugar: Teatro Rosalía de Castro (A Coruña).

Dato de interese: A obra Viaxe a ningunha parte, da compañía ourensana Sarabela Teatro, conseguiu tres premios: Mellor adaptación-tradución (Ánxeles Cuña); mellor maquillaxe (Raquel Fidalgo) e mellor vestuario (Suso Montero, compartido con Tokio3).

Organiza: Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Ourense, 28 de marzo de 2013



O Teatro Rosalía de Castro da Coruña acolleu na noite do mércores a cerimonia de entrega dos XVII Premios María Casares, un evento no que competían 17 producións teatrais nas 13 categorías nas que se dividen os galardóns do teatro, organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

O Premio ao Mellor Espectáculo foi para a produción Nuncabunga, de Elefante Elegante. A obra Tokio 3, de Voadora, conseguiu cinco galardóns: Mellor vestiario (Uxía P. Vaello); mellor iluminación (Baltasar Patiño); mellor música orixinal (Hugo Torres e José Díaz); mellor escenografía (Marta Pazos) e mellor dirección (Marta Pazos).


Outra das obras máis premiadas da noite foi Viaxe a ningunha parte, da compañía ourensana Sarabela Teatro, que levou tres premios: Mellor adaptación-tradución (Ánxeles Cuña); mellor maquillaxe (Raquel Fidalgo) e mellor vestiario (Suso Montero, compartido con Tokio 3).

Os demais premios quedaron da seguinte maneira: Pequenos actos pseudorrevolucionarios, levou dous premios: mellor texto orixinal (Santiago Cortegoso) e mellor actriz (Marián Bañobre); Galicia Caníbal, de Filmanova Invest, levou o premio ao mellor actor secundario (Víctor Mosqueira); Kafka e a boneca viaxeira, de Eme2, recibiu o premio ao mellor actor (Xosé Manuel Oliveira, Pico) e A función do Tequila, de Teatro do Morcego, levou o premio á mellor actriz secundaria, Luísa Merelas.

Máis de 550 convidados

Á gala acudiron máis de 550 convidados, entre profesionais do sector, asociados, xornalistas e convidados en xeral. A gala estivo conducida polos actores Marcos Orsi e Xulio Abonjo.

O presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), Toño Casais, foi o encargado de darlle a benvida a todos os asistentes a unha gala que, partindo do humor, tamén quixo reflexionar ao redor da situación cultural e social que atravesamos nestes momentos. Neste sentido, Toño Casais lembrou que o ano 2012 fora "moi duro para a profesión polo aumento dos recortes nas axudas á produción e á distribución, polos atrasos nos pagamentos" e cunha moi notoria caída no número de funcións. "E cando pensabamos que todo o malo podería ter pasado, xa, atopámonos cun 2013 absolutamente desastroso", lamentou Casais, quen tamén subliñou o "paradoxal" que resulta que este difícil 2013 sexa o ano no que as Letras Galegas están dedicadas ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño.



O presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez, foi o encargado de ler o Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro.

Durante a Gala, Pilar Pereira recolleu o Premio de Honra Marisa Soto. Deste xeito, o gremio escénico recoñeceu a súa longa e frutífera traxectoria artística, que comezou hai xa máis de 60 anos. Ao longo da súa carreira, a intérprete subiu aos escenarios de Galicia, España, Bélxica, Francia e América Latina.



Fotos: Gabriel Tizón.